



# CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA TRECE DE FEBREIRO DE 2015.

### **PRESIDENTE:**

Don Luis Rubido Ramonde

### **MEMBROS:**

Don Alfredo Vilela Santalla

Dona M<sup>a</sup> Luisa Pérez Prieto

Don Pablo Luis Nebril López

Don Juan Carlos Romero Beceiro

Dona M<sup>a</sup> del Pilar Pérez Villar

Don José Luis Vergara Rey

Don Manuel Pérez Riola

Dona M<sup>a</sup> José Rodríguez Pérez

### **AUSENTES:**

Dona Almudena Molina Pérez

Dona Emilia Durán Fernández

Dona M<sup>a</sup> del Carmen Vergara Rey

Dona Cristina Prieto Lago

### **SECRETARIO:**

Don Iago Manuel Bermejo Varga

### **INTERVENTOR:**

Don Jorge Manuel Vidal Zapatero

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Cedeira (A Coruña), ás dez horas e cero minutos do día trece de febreiro de dous mil quince, reúnese o Pleno en primería convocatoria, previa convocatoria para os efectos, co obxecto de realizar unha sesión extraordinaria urxente, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente e coa asistencia dos Sres./Sras. concelleiros/as que se relacionan á marxe actuando como Secretario o titular da Corporación, don Iago Manuel Bermejo Varga, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986 para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta, pasándose ó estudio dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

### 1.- PRONUNCIAMENTO SOBRE A DECLARACION DE URXENCIA

A urxencia das sesións extraordinarias da Comisión Informativa e do Pleno que se van celebrar na data 13.02.15, ás 9:30 e 10:00 horas respectivamente, ven motivada en que o día 18 de febreiro (mércores) remata o prazo para a remisión da documentación á Deputación Provincial da Coruña, polo que tendo en conta que o día 17 de febreiro é festivo local e que se precisa dispoñer de tempo para a preparación da documentación que se vai remitir, quedaría xustificada a premura das referidas sesións.

Aberto o turno de intervencións,

Sr. Alcalde di: Bos días.



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06  
C.I.F.: P-1502200-G

O Sr. Vergara di: Nos Pedimos desculpas..non debiamos de pedir desculpas pola urxencia porque efectivamente a imposibilidade laboral de Mari Carmen e a imposibilidade fisica de Emilia lles impideu estar presentes, pedimos enton desculpas por iso.

María José Rodríguez Pérez di: Igualmente xustifico a ausencia de Cristina tamén por cuestións laborais.

O Sr. Alcalde di: Bos días. Non e desexable esta forma de Pleno pero nesta ocasión non nos quedou mais remedio.Empezamos entón.

O Sr. Secretario lee: Pronunciamento sobre a declaración de urxencia.

Sr. Alcalde di: Votamos

O Sr. Vergara di: Con respecto da urxencia queriamos que constase en acta a nosa protesta polo plantexamento deste Pleno por vía de urxencia, toda vez que, o procedemento da Deputación empeza o 2 de decembro do ano pasado, había tempo máis que de sobras para facer isto ben, con calma, de maneira reflexiva e non esperar a última hora a facer este Pleno. Pleno que por outro lado incluso a mesma convocatoria, non, as nove... ás dez da mañá ás nove e media á comisión desde o día anterior obedece, o noso entender, a un claro interés por parte do Partido Popular de que non esteamos presentes,é dicir, e certo nos pedimos desculpas pola ausencia de inevitable de algúns concelleiros pero pensamos que existe unha vontade clara e manifesta de que nosoutros non esteamos presentes e isto entra en coherencia coa aptitud general do partido popular o largo desta lexislatura de facerlle imposible o difícil moi difícil o labor a oposición, por iso, usted nunca será un bo alcalde, non foi un bo alcalde nesta lexislatura nin o será nunca, porque usted solamente obedece e atende aos seus intereses xa non partidistas senon personales y desbota absolutamente os intereses de outros representantes y de outros representados, usted tiña que facilitarnos todo tipo de tarefa para ser o alcalde de todos . Pero usted nesta lexislatura non foi, non consigueu ou non soupo ser o alcalde de todos.

Sr. Alcalde di: Algunha...

Sra. María José di: Eu quero manifestar tamén en nome do BNG a nosa crítica igual que xa comentamos na comisión de facenda nese mesmo sentido dende o 2 de decembro estan publicadas as bases, haber, que o cal visto isto así deprisa e correndo a última hora non nos parece de recibo.

Sr. Alcalde di : Bueno...

Sra. María José di: E xa...

Sr. Alcalde di: Sr. Vergara si algo teño que mellorar desde logo en vosted non me vou a fijar eh?.De vostede non vou tomar nota. Votamos a urxencia.

Sr. Vergara di :Eu non presento a ningunha elección usted sí.



# CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Sr. Alcalde di: Votamos a urxencia.

Sometida a votación a urxencia da sesión, o Concello Pleno, por seis votos a favor do PP e tres en contra, do PSDG-PSOE(2) e do BNG(1), acorda ratificar o carácter urxente da sesión.

## 2.- PARTICIPACION NO 'PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2015' DA DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA

Con data 10.02.2015 emitiuse a seguinte proposta ó Pleno:

### "PROPOSTA AO PLENO

Tendo en conta as Bases do Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015 publicadas no BOP 231 do 2 de decembro de 2014, no que ao Concello lle corresponderían 226.945,51 € e que poden adicarse á redución do endebedamento.

O Concello conta con préstamos con elevados xuros de interese ou con unha importante cantidade pendente a devolver, considérase conveniente participar no Plan proposto pola Deputación e cancelar os préstamos que se indican máis adiante para minorar a carga financeira para o Concello.

Segundo o expediente que se somete ao Pleno, amortizaríanse anticipadamente dous préstamos con entidades financeiras cos maiores xuros de interese, a cambio da operación concertada coa Deputación, co aforro correspondente para o Concello.

### PROPOSTA DE ACORDO

1º) Participar no “Plan de aforro e investimento (PAI) 2015” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación do préstamo provincial asignado á seguinte finalidade:

#### 1. Redución de endebedamento

ENTIDADE FINANCEIRA	Nº PRESTAMO	PRÉSTAMO PROVINCIAL APLICADO A MINORACIÓN DA DÉBEDA
Banco de Crédito Local de España SA	95-45864651	86.664,82€
Banco de Sabadell SA	807461795313	140.280,69 €
<b>T O T A L</b>		<b>226.945,51 €</b>

#### 2. Resumo da aplicación do préstamo provincial

	PRÉSTAMO PROVINCIAL
1. Redución de endebedamento	226.945,51 €
2. Investimentos financeiramente sostibles	-----
<b>TOTAL</b>	<b>226.945,51 €</b>



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06  
C.I.F.: P-1502200-G

3º) Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para a minoración da débeda ou para o financiamento dos investimentos financeiramente sostibles para os que se vai aplicar o préstamo provincial asignado e, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións, achegarase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

4º) Autorízase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social."

Aberto o turno de intervencións:

Sr. Alcalde di: ¿Algunha intervención?

Sr. Vergara di: Bueno, eh..esta solicitude que ustedes lle fan a Deputación de douscentos vinte seis mil euros quedaría realmente moi rebaixada se en vez de votar man dos cartos de todo o mundo votaran man dos cartos que vostedes se van a meter no peto de cento ochenta mil euros de gastos de gobernación. Cento ochenta mil euros que se van a meter no peto bastantes máis si atendemos a outras cousas e xa non facería falta pedir este crédito. En segundo lugar efectivamente o mesmo remanente de crédito de tesorería , ¿de tesourería ou de crédito ?que sería o concepto correcto...

Secretario: De tesourería

Sr. Vergara di: De tesourería, antes puxechesme unha cara extrana e dixen eu igual esto metendo a pata tecnicamente, ben, ese millón douscentos mil euros foron como dous planes Zapatero vostedes podían dedicar e incluso lles sobrarían cartos para resolver , resolver estes créditos dunha vez por todas que e a obrigación da mesma maneira que nosoutros cando entramos, entramos con dous millóns quinientos mil euros e deixamolo, as deudas, e deixamolas nun millón quinientos mil esa é a obrigación dun bo xestor, sobre todo, cando sube absolutamente todos os impostos. Porque aquel remanente de tesourería non foi realizado por unha moi boa xestión pola súa parte, senon, por unha suba xeral xeralizada e inxusta claramente inxusta de todos os impostos por cobrar ata chegaron a cobrar dous anos de lixo da taxa do lixo . Dous anos seguidos nun momento de crise cando podían perfectamente esperar a outros momentos, e incluso estou convencido que buscando unha s boas estratexias perdonaselle o electorado , o electorado non o ciudadano, ben iso por un lado. Bueno xa transmitirilles de novo efectivamente o tema da urxencia que seguimos sin comprendelo pero ese punto xa foi resolto con anterioridad. Polo tanto cento oitenta mil euros da acción de goberno que ustedes se van a embolsar quedaría moi limpo este proceso y por outro lado, o propio remanente de tesourería que vostedes utilizaron para despilfarrar en obras imposibles, en obras innecesarias, en obras electoralistas, feitas aprésa no último momento do proceso electoral .

Sr. Alcalde di: Moitas grazas. Sra..

Sra. M<sup>a</sup> José Rodríguez Pérez di: Haber nos xa temos manifestado a nosa oposición a súa xestión a xestión do seu grupo de goberno en numerosas ocasións eteríamos tamén que volver a insistir no mesmo, tivemos acceso a documentación hai media hora y sinceramente vou votar por absterme porque haber e a súa xestión y vostedes sabrán o que fan .

Sr. Alcalde di: Moitas grazas. Sr. Vergara acordaste moi tarde...

Sr. Vergara di: Por favor, acordaste...estamos falando de usted non de min Sr. haber...

Sr. Alcalde di: Acordaste moi tarde de aplicar criterios agora novos en canto a remuneración de políticos que non son dato en temas e temas e en cuantías moi superiores e en canto a liquidación da deuda nos mediremos os tempos e veremos ó final, nada máis. Votamos.



## **CONCELLO DE CEDEIRA** (A CORUÑA)

*Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06*  
*C.I.F.: P-1502200-G*

O Concello Pleno, en votación extraordinaria e urxente , por seis votos a favor do PP, e dous en contra, do PSDG-PSOE (2) e unha abstención do BNG (1), acorda: APROBAR a Proposición da Alcaldía de data 10.02.2015 nos termos nos que quedou transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás dez horas e oito minutos do expresado día, estendéndose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.